

Un duro ataque á negociación dos convénios

O Goberno Español, facendo uso da maioría absoluta que ten o Partido Popular, pretende nesta lexislatura unha modificación do dereito no traballo, que conceda aos empresários todas as vantaxes e unha maior indefensión dos traballadores e traballadoras. Non é nova esta idea. Mesmo os anteriores gobernos do Estado, supostamente máis favorábeis á clase traballadora, aprobaron sucesivas reformas do Estatuto dos Traballadores, que incluso nestes tempos de esplendor económico para as empresas, demostraron o grao de precariedade, inseguridade e contención salarial. Asusta-nos pensar cais poden ser as consecuencias en momentos de recesión económica.

Nesta mesma liña de reformas, tanto os empresários como o Partido Popular, queren agora atacar o principal recurso de defensa colectiva que temos os traballadores e traballadoras: a negociación dos convénios. Con esta finalidade teñen constituída unha mesa de traballo en Madrid, na que participan UGT e CCOO, e que pode concluir, se non o evitamos, na maior transformación e retroceso do marco de relacións laborais que coñecemos.

As intencións son claras, modificar os ámbitos de negociación facendo practicamente desaparecer os convénios provinciais ou galegos, que é onde podemos presionar e decidir, trasladando logo estas competencias a convénios ao ámbito estatal. Ao mesmo tempo queren permitir que as empresas poidan pactar en condicións inferiores o acordado con carácter xeral. Unha ambición desreguladora que non ten límites.

A maiores, o propio Goberno continua ameazando con incidir na ultraactividade, é dicir, unha vez que remata o convenio perde vixencia todo o acordado. Neste extremo parece existir unha reconsideración do PP pretendendo suavizá-la, logo da contestación que tivo en todo Estado e fundamentalmente despois da Folga Xeral do día 15 de xuño en Galiza.

Preocupa-nos, á CIG, que esta arrogancia neoliberal se consolide, pois á clase traballadora galega pode causar-nos un dano irreparable, polos baixos niveis salariais que temos (xa que logo serán incrementos de IPC) e a escasa norma reguladora, responsabilidade que temos que atribuir aos que até o de agora representaban a maioría nas mesas negociadoras. E preocupa-nos que queiran afastar as negociacións para evitar que poidamos presionar no seu resultado con folgas e mobilizacións, e que as empresas promovan a creación de sindicatos amarelos, porque será o seu mellor investimento para retirar-nos dereitos.

Agardamos que os sindicatos presentes nesa mesa de negociación, de onde se excluíu deliberadamente a CIG, actuen coa firmeza que corresponde, e coa garantía de que en Galiza os traballadores e traballadoras e a CIG responderemos na medida en que a situación o demande.

¡ Temos que paralos !

